



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

BASES PARA A INSCRICIÓN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO “CAMPAMENTOS URBANOS DE VERÁN 2025”.

1) Lugar e datas de inscrición.

Convocatoria de prazo para a inscrición da actividade “**Campamentos Urbanos de Verán 2025**”, para a realización de actividades lúdico-educativas dirixidas ás crianzas do Concello das Pontes, durante os períodos de vacacións que permitan ás familias a súa promoción social e laboral.

A actividade vaise desenvolver desde o 23 ao 30 de xuño, o mes de xullo, o mes de agosto e do 1 ao 9 de setembro, en días laborables. *A falta de publicar o calendario oficial de comezo do curso escolar 2025-2026 por parte da Xunta de Galicia, farase unha modificación das datas do mes de setembro en caso de ser necesario.*

Os obradoiros van dirixidos ós nenos e ás nenas nados entre **2.013 e 2.021** do Concello das Pontes, habendo un total de **30 prazas** para os meses de xuño e setembro e **70 prazas** para os meses de xullo e agosto.

Para poder realizar a actividade terá que haber un mínimo de 10 inscricións en cada quenda.

O **lugar** de inscrición será no **Rexistro Municipal do Concello**, previa cita, desde o **12 de maio ao 4 de xuño**, en horario de **8:30 a 13:30 h**, no rexistro municipal.

Tamén poderá enviarse a inscrición e a documentación a través da sede electrónica: <https://sede.aspontes.org/sxc/es/>, comezando o prazo o día 12 de maio ás 00.00 e rematando o prazo o 4 de xuño ás 14.00 horas.

2) Datas e número de prazas.

A actividade vaise desenvolver durante as seguintes datas: 23 ao 30 de xuño, o mes de xullo, o mes de agosto e do 1 ao 9 de setembro, en días laborables, de luns a venres, coa posibilidade de dous horarios:

Opción A: de 8:00 a 14:30 horas (con posibilidade de almorzo aos inscritos neste horario).

Opción B: de 10:00 a 14:30 horas.

O número de prazas é o seguinte:

- **Mes de xuño:** 30 prazas.
- **Mes de xullo:** 70 prazas.
- **Mes de agosto:** 70 prazas.
- **Mes de setembro:** 30 prazas.

Existe a posibilidade, durante os meses de xullo e agosto de solicitar o campamento por quincenas. As quincenas establecidas serán:

1ª Quincena: Do 1 ao 15 de mes, ámbolos dous incluídos.

2ª Quincena: Do 16 ao 31 de mes, ámbolos dous incluídos.



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

De cara á baremación das prazas, establecerase unha puntuación segundo se solicite un mes completo ou unha quincena, según queda recollido no **apartado 5, criterios de valoración**.

3) Requisitos mínimos de participación.

3.1. As persoas proxenitoras deben estar empadroadas no municipio con data anterior a esta convocatoria, así como os menores para os que se solicita praza.

3.2. As persoas, aínda sen cumprir o criterio da idade, é dicir, nadas en datas anteriores ao 2013, que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar na convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo ou estea acreditado a través dun informe médico, educativo ou social que se vai beneficiar das actividades desenvolvidas. Nestes casos a idade máxima para participar na actividade será de 14 anos ou o ano no que o/a menor cumpra os 14 anos.

4) Adxudicación de prazas.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

4.1.) Adxudicación directa: Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

4.2.) No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios establecidos nestas bases.

Primeiro darase prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM 2025 límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais/monoparentais ou familias numerosas.

Unha vez cumprido este requisito, terase en conta os criterios de valoración do apartado 5.

Se non se cubren todas as prazas aplicando a prioridade do criterio económico, cubriranse con aquelas familias que non cumpran o criterio descrito da renda, previa valoración de criterios correspondentes ao apartado 5.

5) Criterios de valoración.

Criterios xerais	Puntuación
Familias nas que traballen os dous proxenitores ou titores/as	10
Familia monoparental/monomarental traballando.	10
Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.	3
Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.	3
Familias que soliciten praza para máis	1 (por cada menor)



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

dun/dunha menor.	
Familias que soliciten os meses de xullo ou agosto completo.	2
Familias que soliciten nos meses de xullo ou agosto unha quincena.	1

Criterios de carácter social	Puntuación
Familia numerosa categoría xeral	2
Familia numerosa categoría especial	3
No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa coidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Ppersoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións)	2
Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia	1
Renda da unidade familiar inferior ao 2,5 IPREM 2024	2
Renda da unidade familiar entre 2,5 e 6,5 IPREM 2024	1
Vítimas de violencia de xénero	3

Nos casos en que haxa igualdade de puntuación, para a obtención da praza adxudicarase por sorteo público.

As persoas adxudicatarias das prazas que non teñan realizado o pago en tempo e forma serán excluídas automaticamente e, de ser o caso, contactarase coas seguintes persoas da lista de espera.

As persoas que obtiveron praza no programa e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar renuncia ao efecto por escrito a través do rexistro do Concello de As Pontes ou ben a través da sede electrónica.

6) Funcionamento da actividade.

O horario de funcionamento para os Campamentos Urbanos de Verán será desde as 8:00 ata as 14:30 horas. Dentro desta quenda ofertaranse dúas posibilidades:

Opción A: de 8:00 a 14:30 horas con almorzo saudable. Corresponderá ao Concello das Pontes establecer un **mínimo de menores** para poder prestar o servizo, decidindo non prestalo de selo caso.

Opción B: de 10:00 a 14:30 horas.



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Só a opción A dará lugar ao desfrute do servizo de almorzo.

6) Documentación.

Para a xustificación destas situacións requírese a seguinte documentación:

- Fotocopia do Libro de Familia (en caso de ser o primeiro ano de inscrición).
- Fotocopia do DNI da/s persoa/s solicitante/s e menor/es, en caso de ser o primeiro ano de inscrición.
- Certificado de empadramento do/a menor solicitante e dun dos proxenitores ou autorización para a comprobación destes datos no padrón municipal.
- Declaración da Renda do 2023 ou xustificante de non ter a obriga de facela.
- Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. **Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións, así como os horarios de traballo. (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación).** Para as persoas autónomas entregárase fotocopia do último recibo de autónomos.
- Certificado de familia monomarental/monoparental, de ser o caso.
- Resolución do Programa de atención (PIA) onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidado non profesional, para situacións de dependencia.
- Documentación acreditativa de asistir a formación ou situación similar.
- Outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 5 de criterios de valoración.
- Para menores con Necesidades Educativas Especiais informe dos/das profesionais de referencia sobre as necesidades que presentan.

A documentación que non se presente no prazo establecido, non se poderá presentar posteriormente, realizándose a baremación coa documentación achegada.

As persoas adxudicatarias das prazas deben facer efectivo o prezo público no **Servizo de Recadación do Concello**, sito en Avda Castelao nº 36, baixo, ou ben facer ingreso bancario no número de conta de ABANCA **ES19-2080-0230-6931-1000-0012** e presentar o xustificante de pagamento no Centro de Información á Muller (Rosalía de Castro 28-Casa Dopeso 2º Andar) ou por mail a cim@spontes.org

As persoas adxudicatarias das prazas que non teñan realizado o pago en tempo e forma e acreditado no departamento organizador da actividade, serán excluídas automaticamente e de ser o caso contactarase coas seguintes persoas da lista de espera.

7) Comisión de baremación.

O Concello das Pontes constituirá unha comisión de baremación e seguimento composta por:

Presidencia: Concelleira de Igualdade ou persoa en quen delegue.

Secretaría: Directora do Centro de Información á Muller ou persoa en quen delegue.

Vogal: Traballadora social do Concello das Pontes ou persoa en quen delegue.



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

8) Listaxe de persoas admitidas.

A listaxe provisional de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal www.aspontes.org. Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións.

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de agarda, se fora o caso.

No caso de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera, aceptaránse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

9) Baixas.

Causará baixa automática no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude propia.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por compatibilizar o campamento con outra actividade externa, no mesmo horario. A praza concedida neste campamento non é compatible con campamentos ou campus organizados por outras entidades, para o mesmo período.
- Por falta de asistencia continuada durante máis de tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda, de ser o caso.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

10) Lugar e horario.

As actividades terán lugar no CEIP A Magdalena, sito na R/ Monte Caxado s/n, e consistirán en actividades educativas, de lecer e deportivas.

O horario das actividades é de **8:00 ata 14:30 horas**.

11) Cota de inscrición.

Establécese a seguinte cota de inscrición:

10 €/menor por inscrición para os meses de xuño e setembro.

40 €/menor por inscrición para os meses completos de xullo, agosto e quincenas.

(Ordenanza n.º 11. Taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas, socioculturais e de lecer)



CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro s/n (2º andar) · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

12) Información sobre protección de datos: Para o proceso de recollida de información durante o proceso de inscrición da actividade así como o seu desenvolvemento.

Responsable do tratamento: Concello das Pontes. **Finalidade:** Tramitar e xestionar a solicitude para participar en campamentos urbanos. Datos de contacto do **Delegado de Protección de Datos:** lopdp@aspontes.org **Base xurídica:** cumprimento dun contrato; cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 7/1985, de bases do réxime local Art. 27.2.f; interese público (Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia); consentimento, o cal é sempre revocable. **Destinatarios:** outros membros da actividade, colaboradores encargados da actividade, monitores. **Prazos de conservación:** o tempo necesario para o cumprimento da finalidade informada e mentres poidan derivarse responsabilidades legais. **Dereitos:** acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade, dirixíndose ao Concello das Pontes, Parque Municipal s/n, 15320 As Pontes (A Coruña), ao email info@aspontes.org ou dirixíndose á Sede electrónica. Pode interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

As Pontes de García Rodríguez,